



MASMOVIL®

R, recoñecida polo seu compromiso contra o cambio climático

- *A xestión ambiental e contra o cambio climático do operador de telecomunicacións obtivo unha valoración B no cuestionario de referencia de cambio climático da organización sen ánimo de lucro Carbon Disclosure Project (CDP).*

A Coruña, 11 de xaneiro de 2022.- R, o operador de telecomunicacións líder de Galicia, foi recoñecido polo seu compromiso contra o cambio climático cunha valoración “B” no cuestionario que a organización sen ánimo de lucro Carbon Disclosure Project (CDP) elabora anualmente nesta materia, e na que participa xunto co resto de empresas do Grupo.

R, que está presente na enquisa dende o ano 2016, recibe este recoñecemento como mostra do seu posicionamento e transparencia na xestión do impacto ambiental e o clima.

A valoración B sitúase nunha escala do A ao F, o que sitúa a R como unha das compañías participantes con mellor consideración a nivel mundial. Este recoñecemento valida a xestión dos riscos ambientais asociados á actividade do operador de telecomunicacións galego, e reflicte o seu compromiso coa xestión responsable en todas as súas operacións.

Xestión ambiental de R

Esta estratexia ambiental que desenvolve a compañía está enmarcada no seu Plan Estratéxico de Sostibilidade 2020-2025 e responde ao seu compromiso por integrar na súa xestión o ODS 13 "Acción polo Clima" do Pacto Mundial das Nacións Unidas. Ademais, dispón dun Sistema de Xestión Ambiental conforme ao Regulamento EMAS e ISO 14001:2015 e unha Política e Sistema de Xestión Enerxético segundo a ISO 50001:2018.

Con estas bases xa asentadas, aposta pola xestión responsable dos recursos e a **economía circular** como unha peza clave do proceso de operacións de R nesta materia, primando a reutilización fronte á reciclaxe ou a escoura. Todos os anos establécense Plans de Redución de Emisións de CO₂, para diminuír os consumos de enerxía e de combustible.

En 2020 reduciu nun 59% as emisións directas de GEI (gases de efecto invernadoiro) a respecto do exercicio anterior.

Esta importante redución é resultado principalmente da compra de electricidade 100 % renovable que **R** aplicou de forma paulatina en todas as súas sedes, evitando deste xeito as emisións indirectas derivadas do consumo eléctrico.

Sobre o CDP

O CDP é unha organización internacional sen ánimo de lucro que xestiona o sistema mundial de información para que os investidores, as empresas, as cidades, os estados e as rexións midan o seu impacto ambiental. Utilizando unha metodoloxía exhaustiva e independente, o CDP avalía as empresas asignándolles unha cualificación do A ao D en función da exhaustividade da súa información, a súa concienciación e xestión dos riscos climáticos e a súa demostración das mellores prácticas asociadas ao liderado ambiental, como o establecemento de obxectivos ambiciosos e significativos.

Sobre R

***R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das Cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego está presente en máis de 140 concellos e presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas.*

Na actualidade atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura para todos/as os/as seus clientes/as, que disporán da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar a Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal